

A poeta vén de editar en Letras de Cal “Desterrada do meu corpo”

A terapia redentora dos versos dá forma á escrita de Mónica Martínez

N. V. • Ferrol

Dicía Nietzsche que o home camiña cara á verdade no lombo dos paradoxos, e ese medio de transporte, propio dos emigrantes, semella ser o empre-

Coa alma mancada de quen escribe desde terras de Madrid “só son cando podo ollar a Frouxeira”, Verónica Martínez presenta en “Desterrada do meu corpo” o verso derrotado, breve e rotundo, na liña do seu admirado Lois Pereiro. Un traballo que a pesar da súa brevidade levoulle dous anos, plenos de difíciles circunstancias vitais, dos que afirma: “non tiña poesía dentro, pero era o único xeito de facerme comprender. Non me considero nin filóloga nin literata, así que a poesía foi o meu xeito de expresión”, asegura esta licenciada en Historia da Arte que traballa na Galería Sargadelos de Madrid. “Gustárame moito voltar a Valdoviño, de feito cando estudiaban en Santiago ía con moita frecuencia, porque Compostela non ten mar”, lembra. Pero esta posibilidade, como a de tantos mozos e mozas desta terra, pasa polo acceso ao traballo remunerado. Sobre este tema Verónica fai unha radiografía do país con indisimulada amargura: “En Galicia priman outras

gado pola poeta de Valdoviño Verónica Martínez Delgado, que quere pero non pode voltar á terra que arela. Esta escritora vén de publicar o seu poemario “Desterrada do meu corpo”, traballo que mereceu o accésit do 1º

Premio de Poesía Letras de Cal, organizado pola editorial compostelá. A fortuna destes versos mereceu un premio en Alcira (Valencia), na súa traducción castelá e a súa conseguinte publicación en decembro.



A xove escritora de Valdoviño vive na actualidade en Madrid, cidade na que traballa

cousas, non a valía senón o parentesco. E eu nin o teño nin o usaría se o tivese”.

Autovaloración

A presentación de “Desterrada do meu corpo” ao certame de Letras da Cal veu polo que

Verónica define como “autovaloración”. “A xente máis próxima a unha dille que escribe ben, pero eu preciso a xente que non me coñeza e sexa obxetiva, por iso presenteime ao premio”, informa.

Aínda así a poeta non tivo

claro que quixese publicar. “Esperei varios meses para aceptar o premio da editorial, que era ese. Non o tiña claro”, asegura. Confiamos en que o desterro físico e xeográfico non dure moito máis, ou si, se segue escribindo como ata o de agora.

O temperá veleno das verbas

Os 25 anos de idade de Verónica Martínez deron para moito. Ós trece anos a necesidade da escrita comezou a agromar nela, e diversos foron os premios literarios xuvenís que certificaron o seu talento.

Nos anos 1996 e 1997 gañou os certames “Francisco Fernández del Riego” da Deputación de A Coruña, cos seus dous primeiros libros: “Deshabitada e sen verdugo” e “Había tantos homes lilas”.

O misterio da arte

Sen deixar desde entón a escrita, “Desterrada do meu corpo” supón ese paradoxo da falta de folgos que alimenta o propio material lírico, unha poética á que non son alleas as numerosas referencias pictóricas e artísticas, xa que como di esta rapaza de Valdoviño, “hai cousas que só se poden sentir diante dunha obra de arte, e non se poden explicar con palabras. Afortunadamente”.